

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1.

2	Por mero accidente escornouse a vacua verba contra a boca vacúa da atávica vaca, o telúrico teto	24	A vaca xunguida, a conxunción de todos; a vaca no prado, o suxeito pacente; o destino da vaca suxeito á xente.
4	que aleitou o alento ancestral do noso sangue.	26	E doe o seu refoigo substantivo na hipotáctica corte
6	A vaca mesma, a vaca real, a auténtica vaca,	28	e resoa no sobrado e na eira adxectiva a agonía adverbial da vaca,
8	a propia vaca, a vaca en si, a vaca xénero e especie e individuo,	30	o animal moribundo morrendo nos pronomes
10	a vaca alindada de lindo nome,	32	(e na memoria destes os anos da fame).
12	a épica vaca de homéricos ollos,	34	Por iso non fomos á misa, porque a vaca morrera na corte
14	a bucólica vaca das humildes bocas	36	tras unha fantasmal agonía na noite hiperbólica.
16	está morrendo na corte esa mañá de domingo.	38	E o predicador
18	Sen vaca non habería verbo, nin berce, nin verso	40	(son moitos os que lembran aínda hoxe o caso)
20	(os sucos do arado trazounos a vaca) In articulo mortis faise evidente	42	botara prestes (un dicir) pola boca
22	que a vaca é entre todos o artigo primordial.	44	contra aquela familia de ateos

Gonzalo Navaza: *Libra*, 2000.

BLOQUE I

1. Ponlle título ó poema e fai unha síntese del (1 PUNTO).
2. Á luz do dito a partir do verso 34 fai, unha reflexión sobre o gusto das persoas polas críticas ou xuízos pouco documentados. Extensión aproximada 15 liñas (2 PUNTOS).

BLOQUE II

3. *Vacua* (l.1) ‘que non mostra preocupación’ e *vacúa* (l.2) ‘relativa á vaca ou ó gando bovino’ diferéncianse pola síbala tónica. Indica outras catro parellas de palabras nas que se dea esta diferenza e sinala o seu significado (1 PUNTO).
4. Busca no texto tres substantivos, tres adxectivos, tres artigos, tres verbos e tres conxuncións (1 PUNTO).
5. ¿Que clase de palabra é *si* (l.8)? ¿Cal é a súa función? (1 PUNTO).
6. O marco legal da lingua galega. Extensión aproximada 15 liñas (1 PUNTO).

BLOQUE III

7. A poesía galega a partir de 1975: tendencias, autores e obras. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

2 Son o P. Sarmiento. Co meu mestre e irmán maior Bieito Feixoo ando a parolar moito polos
recunchos do Olimpo sobre cousas galegas, e inda máis dunha vez os dous, malados de saudade do
4 verdecete país onde tivemos oriunde humana, ó vermos o azul sen fin do infindo ceo (...)
tentamos camiñar pola vía láctea cara a Compostela (...)

6 E hoxe teño un mandado que facervos. Xa sabedes que amei as ciencias experimentais e a
obxectividade histórica; combatendo, endebén, prexuízos e fanatismos das xentes da nosa raza, ata
8 o extremo que dixen da crenza popular da Virxe Barca que non achaba misterio no caso, e que é
ignorancia maxinar alí milagre ningún (...). Trallei coa miña cultura, en asubíos de carraxe, contra
da ignorancia e as supersticións, pregoando que se creasen bibliotecas públicas. Arrenegei das
10 corridas de touros (...) e folgueime de que Galiza non dera toureiros (...) E, consecuente co meu instinto
humanitario, en forma máis xurídica que teolóxica, fun o primeiro home do universo que
12 deitou unha protesta rexa contra da pena de morte. Téñome por devanceiro nisto de tódalas escolas
penalistas modernas.

14 Emporiso vos aconsello, que nin transitoriamente sequera, aceptedes os republicanos
galegos que a República hespañola volte ó bárbaro feito de reestablecer a forza. Canda a miña
16 verba van xunguidas a de Concepción Arenal e a de Curros, que me escoitan. Estes dous paisanos
nosos deixaron na terra coma min, testemuños da súa inimiga ó talionismo estatal. Todo o que fose
18 exemplar na tarefa do verdugo resultaría anticristián e contra natura. ¿quen é o home para ceifar
vidas que deu Deus? ¿E que autoridade ten, por outra banda, un estado coma o de Hespaña, para
20 cinguir a corda homicida ó pescozo de ninguén (...)? Antes de saber se os que rouban e matan son
merecentes da forza habería que asegurarse de que os que desexan aplicarllela non os moveron a
22 mataren e roubaren...

A. Villar Ponte: *Pensamento e sementeira*. 1971.

BLOQUE I.

1. Ponlle título ó texto e fai unha síntese del (1 PUNTO).
2. Nesta recreación que Vilar Ponte fai da figura de Sarmiento, este xustifica a súa oposición á pena de morte. Dá a túa opinión razoada sobre o tema. Extensión aproximada 15 liñas (2 PUNTOS).

BLOQUE II.

3. Indica os femininos de *cristián*, *irmán*, *ningún*, *touro* e *lacazán* (1 PUNTO).
4. Explica o significado que ten no texto *recunchos* (liña 1), *mandado* (l. 5), *folgueime* (l. 10), *rexa* (l. 12), *pescozo* (l. 20) (1 PUNTO).
5. Busca as comparacións de igualdade do derradeiro parágrafo (liñas 14-22). ¿Cal é o seu nexo? ¿Pódese empregar outro? (1 PUNTO).
6. Interferencias lingüísticas galego-castelán. As alternancias de código. Extensión aproximada 15 liñas (1 PUNTO).

BLOQUE III.

7. A literatura de época das *Irmandades da fala*. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

2 Cando había eleccións o Antón, pai do Manueliño, ía sempre a votar. Antes das eleccións
no pobo falábase e discutíase. Antón era pouco amigo de discutir e votaba sempre por aquel que o
señor Manuel de Hortas lle dicía. O Antón pensaba para si que, votase a quen votase, a súa sorte e a
4 dos seus non ía cambiar en nada. Facéndolle caso ó señor Manuel algo podía conseguir. Se algunha
vez precisaba algunha cousa, ou se vía nalgún apreto, o señor Manuel aínda lle podería valer. E isto
6 é o que podía gañar.

8 Nos derradeiros tempos semellaba que todo se complicara. Todo ía de mal en peor. Non
había quen entendera nada. Na casa de Hortas, despois de cear, o señor Manuel sentaba detrás do
lume, no escano de castiñeiro que había perto a lareira, sacaba con solemnidade os seus anteollos de
10 aramio e lía o xornal en alta voz para toda a familia. O xornal só traía cousas desagradables: mortes,
folgas, tiroteos nas rúas das cidades, discursos...

12 O xornal que lía o señor Manuel, que era ó que estaban suscritos os de Hortas e que recibían
tódolos días, era *El Ideal Gallego*, da Coruña. Ó Manueliño quedábanlle na lembranza algúns
14 nomes daquelas xentes das que falaba o papel: Azaña, a Pasionaria, Gil Robles, Casares Quiroga,
Prieto, Lerroux, Portela Valladares, Calvo Sotelo... Castelao. Non sabía quen eran tales xentes aínda
16 que por Castelao, sen que soubese explicalo tiña unha fondísima simpatía. O único que sabía era
que todos eles eran políticos. Os de Hortas poñían polas nubes a Gil Robles e a Calvo Sotelo. E
18 falaban pestes de Azaña, de Prieto, da Pasionaria. Azaña e a Pasionaria, polo visto, non ían á misa e
non querían saber nada cos cregos. Ós de Hortas isto semelláballes unha monstruosidade.

Manuel María: *O xornaleiro e sete testemuñas máis*. 1971

BLOQUE I

1. Fai unha síntese do texto (1 PUNTO).
2. Expresa razoadamente a túa opinión sobre o comportamento nas eleccións de Antón, exposto no primeiro parágrafo (liñas 1-6). Extensión aproximada 15 liñas (2 PUNTOS).

BLOQUE II

3. Indica o valor especial do posesivo na expresión *dos seus* (l. 4) e sinala outros tres valores ou usos especiais (1 PUNTO).
4. Indica como é a vocal tónica de grao medio de *sempre* (l. 1), *só* (l. 10), *sorte* (l. 3), *aquel* (l. 2) (1 PUNTO).
5. Sinala as preposicións e locucións preposicionais distintas que hai no segundo parágrafo (l. 7-11) (1 PUNTO).
6. As interferencias lingüísticas entre galego e castelán. Extensión aproximada 15 liñas (1 PUNTO).

BLOQUE III

7. A poesía galega na posguerra: orientacións, autores e obras máis representativas. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

2 Hai pouco falei das desgracias que trae consigo o xogo; pois as que trae a bebida son máis
negras e máis terribles. O borracho deixa de ser home para converterse en animal: salta dende o alto
posto da razón que Deus nos deu ata o fondo do abismo escuro da nada: ata a loucura.

4 Paso por alto o que se refire á cuestión de cartos que se gastan neste vicio tan indecente que
ó cabo da vida regular significan un pico. Hai outras con seguridade peores que son consecuencia
6 fatal da borracheira: pérdese con ela o cariño, a familia, pérdese a consideración social e, o que é
peor, a saúde (...)

8 O seu cheirume e o seu sabor fan o papel do canto da serea mitolóxica que querendo atrae-
los barcos para os sitios perigosos para que naufragasen, cantaba dunha maneira admirable e
10 conseguía desa maneira atraelos e que fosen ó fondo do mar. O papel do alcol ten moito parecido:
atrae, engana, ata que consegue penetrar no estómago coas súas garatuxadas. Dentro xa, traballa
12 como lle dá a gana: destrozando as nosas entrañas e roubándonos a razón (...)

14 Vou citar uns parágrafos de sabios coñecidos en todo o mundo para que se vexa que non
falo de memoria: “a sede grande, a perda de apetito, as dispepsias, os cancros de fígado, moitas
16 lesións do corazón e a loucura, son froitos do alcoholismo” (Dr. Pou); “a bebida alcohólica é a
vellez anticipada” (Lanceraux); “o alcohol produce na actualidade máis desgracias cá peste, a fame e a
guerra” (Gladstone); “o alcohol non dá saúde, nin forza, nin calor, nin alegría: o único que dá
18 son enfermidades” (Tolstoy); “a terceira parte dos tolos que hai nos manicomios, son tolos debido ó
alcohol” (Sikorski) (...)

20 (...) Quixera que fose dalgunha utilidade canto levo dito e que os que teñen a desgracia de
emborracharse, procurasen emendarse. Para ter todas as malas condicións, este vicio maldito ata ten
22 a propiedade de non deixar a quen o ten, ata que o despacha para a sepultura.

O Tío Pepe. 20.11.1913

BLOQUE I

1. Sinala a estrutura do texto (1PUNTO).
2. Tendo en conta as opinións dadas no cuarto parágrafo (l.13-19), reflexiona sobre os efectos do abuso das bebidas alcohólicas. Extensión aproximada 15 liñas (2 PUNTOS).

BLOQUE II

3. *Máis* (l.1), *dá* (l.17), *é* (l.6) e *ó*(l.10) levan til diacrítico. Indica as palabras das que deben diferenciarse e sinala a categoría de todas (1 PUNTO).
4. Expresa o significado que posúen no texto as palabras *serea* (l.8), *garatuxadas* (l.11), *cancros* (l.14), *emendarse* (l.21) (1 PUNTO).
5. Segmenta as seguintes palabras e identifica os seus compoñentes: *borracheira* (l.6), *seguridade* (l.5), *naufragasen* (l.9), *quixera* (l.20) (1 PUNTO).
6. O conflito lingüístico. Bilingüismo e diglosia. Extensión aproximada 15 liñas (1 PUNTO).

BLOQUE III

7. A literatura no tempo das *Irmandades da fala*. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

PREGUNTA 1. SÍNTESE: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténse avalia-la comprensión do texto, a capacidade sintetizadora e a orixinalidade e creatividade do alumnado.

Un título axeitado valorarase con 0,5 puntos. Na síntese (0,5 puntos) avaliarase positivamente a reunión dos elementos máis importantes do texto de maneira breve.

PREGUNTA 2. COMENTARIO CRÍTICO: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde e claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

Cada parella atinada recibirá unha valoración de 0,125 puntos. A correcta indicación do significado valorarase recibirá a mesma puntuación.

PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

Cada resposta errada ou non dada penalizarase con 0,10 puntos.

PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

A correcta clasificación de *si* cualificarase con 0,50 puntos. A mesma puntuación darase para a exacta identificación da súa función.

PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento do marco legal que regula o uso do galego na sociedade. Son de referencia obrigada a Constitución, o Estatuto de autonomía e a Lei de normalización lingüística.

PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntada, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección, polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

OPCIÓN B

PREGUNTA 1: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténse avalia-la comprensión do texto, a capacidade sintetizadora e a orixinalidade e creatividade do alumnado.

Un título axeitado valorarase con 0,5 puntos. Na síntese (0,5 puntos) avaliarase positivamente a reunión dos elementos máis importantes do texto de maneira breve.

PREGUNTA 2: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas, aínda que estean expostas con claridade, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde e claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción sexa deficiente, haxa repeticións innecesarias, a organización do texto sexa deficiente e sen cohesión, e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA3: 1 PUNTO.

Cada resposta atinada valorarase con 0,20 puntos.

PREGUNTA4: 1 PUNTO.

A explicación correcta do significado de cada palabra ou expresión cualificarase con 0,20 puntos. O alumnado debe demostrar que coñece a significación da palabra preguntada e que ten capacidade de expresalo seu significado con claridade e precisión, sen que sexa necesaria unha definición lexicográfica rigorosa.

Aínda que non se consideran válidas as respostas que consistan unicamente en indicar

sinónimos, se se achegan dous ou máis valorarase con 0,05 cada definición con este procedemento.

PREGUNTA5: 1 PUNTO.

Cada comparación e nexo ben identificado valorarase con 0,25; cada a resposta correcta sobre a substitución con 0,25 cada acerto.

PREGUNTA6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento e correcta identificación das interferencias lingüísticas e das alternancias de código. Considerarase que é resposta correcta a definición destes conceptos e a súa exemplificación. A mención das causas que provocan a aparición destes fenómenos valorarase con 0,15 puntos.

PREGUNTA7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntada, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística-penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente-penalizarase con 0,05 puntos.

Compostela, 15 de xuño do 2002

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

PREGUNTA 1. SÍNTESE: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténdese avalia-la comprensión do texto, a capacidade sintetizadora e a orixinalidade e creatividade do alumnado.

Na síntese avaliarase positivamente a reunión dos elementos máis importantes do texto de maneira breve e a súa expresión coas palabras propias do alumnado.

PREGUNTA 2. COMENTARIO CRÍTICO: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde e claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

Ó acerto na indicación do significado daráselle 0,25 puntos. Á correcta indicación doutros posesivos con usos especiais concederáselle cadanseus 0,25 puntos.

PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

Cada correcta indicación do timbre cualificarase con 0,25 puntos.

PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

Hai catro preposicións (*en, de, con e para*), dúas locucións preposicionais (*despois de e detrás de*) e un adverbio en función preposicional (*perto*).

O pleno de acertos recibirá **un** punto. Por cada ausencia descontarase 0,14 puntos.

PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento e correcta identificación das interferencias lingüísticas. Considerarase que é resposta correcta a definición deste concepto, a súa exemplificación e a mención das causas que provocan a súa aparición.

PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntada, con mención das tendencias, dos autores e das obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

A valoración máxima desta pregunta é de **tres** puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados, valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección que permitirá descontar ata un máximo de **dous** puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténdese avalia-la capacidade do alumnado para descubri-la estruturación do texto: a identificación das partes que o compoñen e a indicación do tema que se trate en cada unha delas.

PREGUNTA 2: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas, aínda que estean expostas con claridade, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde e claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción sexa deficiente, haxa repeticións innecesarias, a organización do texto sexa deficiente e sen cohesión, e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA3: 1 PUNTO.

Cada resposta atinada valorarase con 0,25 puntos. Non acertar na categoría dalgún dos elementos preguntados penalizarase con 0,10 puntos.

PREGUNTA4: 1 PUNTO.

A explicación correcta do significado de cada palabra ou expresión cualificarase con 0,25 puntos. O alumnado debe demostrar que coñece a significación da palabra preguntada e que ten capacidade de expresalo seu significado con claridade e precisión, sen que sexa necesaria unha definición lexicográfica rigorosa.

Aínda que non se consideran válidas as respostas que consistan unicamente en indicar

sinónimos, se se achegan dous ou máis valorarase con 0,10 cada definición con este procedemento.

PREGUNTA5: 1 PUNTO.

Cada resposta correcta (correcta segmentación + correcta indentificación dos compoñentes: sufixo derivativo, sufixo flexional -vocal temática, sufixo de modo e tempo e sufixo de número e persoa) valorarase con 0,25 puntos.

Nos tempos verbais se non se separan convenientemente tódolos sufixos non se concederán puntos. Cando se segmenten correctamente, pero non se acerte na identificación, puntuarase con 0,15 pts.

PREGUNTA6: 1 PUNTO.

A pregunta considerase que está ben contestada se o alumnado define correctamente estes dous termos e os pon en relación coa existencia do conflito lingüístico.

PREGUNTA7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntada, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados, valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas.

Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección que permitirá descontar ata un máximo de *dous* puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística-penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente-penalizarase con 0,05 puntos.